

obra de “Abastecemento e saneamento de auga en Couto de Arriba”, no prezo de..... comprendendo esta oferta o prezo de contrata e o IVE, con arrego ó proxecto técnico e ó prego de cláusulas administrativas aprobado, que acepta integramente, declarando non estar incurso nos supostos de prohibición, incapacidade ou incompatibilidade establecidos nos arts. 20 e 22 da Lei de Contratos das Administracións Públicas).

En..... a..... de..... de 2006.

10.—GASTOS DE PUBLICACIÓN

Serán a cargo do adxudicatario.

Ribadumia, 7 de xullo de 2006.—A Alcaldesa,
Mª Salomé Peña Muñiz. **2006007040**

* * *

T U I

E D I C T O

Aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o “Regulamento para a concesión de Honras e Distincións do Excmo. concello de Tui”, publicado inicialmente no Boletín Oficial da provincia, de data 8 de novembro de 2004, para súa exposición ó público polo prazo de trinta días, ó non terse presentado ningunha reclamación á mesma, procedese á publicación definitiva do seu texto íntegro polo prazo de quince días, para súa entrada en vigor.

REGULAMENTO PARA A CONCESIÓN DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO EXCMO CONCELLO DE TUI

TÍTULO I

DAS DISTINCIÓNS HONORÍFICAS

Artigo 1º.—1.—Mediante o presente regulamento, regulase o proceso de concesión de honores e distincións municipais a aquelas persoas naturais o xurídicas merecedoras de dito recoñecemento, a tenor do disposto nas disposicións legais vixentes en materia do réxime local da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local e artigos 186 o 191 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86 do 28 novembro.

2.—As distincións honoríficas que con carácter oficial, podrá conferir o Concello de Tui, para recoñecer e dar público agradecemento por accións o servicios extraordinarios, son as seguintes:

Título de Fillo/a Predilecto/a do Concello de Tui

Título de Fillo/a Adoptivo/a do Concello de Tui

Título de Alcalde/esa Honorario/a do Concello de Tui

Título de Concelleiro/a Honorario/a do Concello de Tui

Medalla de Honra do Concello de Tui

Título de Cronista do Concello de Tui

Título de Visitante Ilustre do Concello de Tui

Dedicación/Denominación de calles, prazas e edificios públicos, así como parases e espacios urbanos (parques, xardíns)

Sinatura nos libros de Honra

Mención Honorífica Especial

3.—As distincións as que se refire o presente Regulamento son exclusivamente honoríficas, sen que poidan outorgar ningún dereito administrativo ou de carácter económico.

Artigo 2º.—1.—Coa soa excepción da Familia Real, as mencionadas distincións municipais non poderán ser outorgadas a persoas que desempeñen altos cargos na Administración e respecto dos cales se encontre a Corporación en relación da subordinada xerarquía, función o servicio, en tanto subsistan estes motivos.

2.—Nos demais casos, a concesión das distincións rexerese polas normas e indicacións establecidas no presente Regulamento.

TÍTULO II

DOS TÍTULOS DE FILLO/A PREDILECTO/A E DE FILLO/A ADOPTIVO/A

Artigo 3º.—Os títulos de “Fillo Predilecto e de Fillo Adoptivo desta Cidade”, instituídos polo concello para premiar excepcionais merecemento contraídos coa Patria e coa Cidade de Tui polos veciños naturais da mesma ou fora dela, serán consideradas de igual xerarquía e como un dos galardóns que a cidade pode conceder.

No seu outorgamento aplicarase un criterio ríxido na valoración dos méritos que teñan contraído as personalidades que orixinasen a aplicación do Regulamento.

Artigo 4º.—O título de Fillo Predilecto, concederáse a quen nacido en Tui alcanzara unha relevante personalidade en calquera orde e actividade prestixiando ó pobo e tendo merecido agradecemento mesmo.

A concesión de Fillo Adoptivo outorgarase a quen nacendo fora do Municipio de Tui, se identificara co pobo, concorrendo na súa personalidade as mesmas circunstancias sinalados no parágrafo anterior.

Artigo 5º.—A concesión de Fillo Predilecto ou Fillo Adoptivo, dará dereito a acompañar á Corporación Municipal nos actos públicos ós que aquela asista, e a concorrer ás sesións públicas do Concello Pleno en lugar preferente ó efecto reservado.

Artigo 6º.—O concello entregará pública e solemnemente ós que se fixeran acredores deste galardón, un diploma e unha placa de metal, na que constará o nome e a data do acordo de concesión,

así como un botón de solapa que sexa mostra do título e distinción conferido.

Poderá entregar tamén na dobre modalidade de ouro o prata o emblema constitutivo do Blason ou Escudo da nosa cidade, xa existente dende tempo inmemorial por ser Tui unha das Sete Capitais do Antigo Reino de Galicia, orlado coa súa inscrición lexítima de *Moi Nobre e Moi Leal Cidade de Tui*.

Artigo 7º.—En ningún caso o título de Fillo Adoptivo ou Predilecto da cidade, outorgará facultades para intervir no goberno e administración do Concello. Sen embargo, poderán concederlle funcións representativas cando teñan que exercerse fora da demarcación territorial do municipio.

Artigo 8º.—As persoas a quen se lles concede os títulos de Fillo/a Predilecto/a o Fillo/a Adoptivo/a da Cidade, previa invitación oficial, terán dereito a acompañar a Corporación Municipal nas solemnidade a que esta concorra, ocupando o lugar que para eles estea sinalado.

Artigo 9º.—Os títulos de Fillo/a Predilecto/a e Fillo/a Adoptivo/a terán carácter vitalicio e, unha vez outorgados tres para cada un deles, non poderán conferirse outros mentres vivan as persoas favorecidas, a menos que se trate dun caso moi excepcional, a xuízo da maioría absoluta da Corporación, que haberá de declarar esa excepcionalidade en sesión plenaria e por unanimidade.

TÍTULO III

DO NOMEAMENTO DE MEMBROS HONORARIOS DA CORPORACIÓN

Artigo 10º.—1.—O nomeamento de Membros Honorarios (Alcalde/esa o Concelleiro/a Honorario/a) do Excmo. Concello de Tui poderá ser outorgado a personalidades españolas ou estranxeiras, xa como mostra da alta consideración que lle merecen, xa como correspondencia a distincións análogas de que foran obxecto a Corporación o autoridades municipais de Tui.

2.—Non poderán outorgarse novos nomeamentos dos expresados no número anterior, mentres vivan tres persoas que teñan o Título de Alcalde/esa Honorario/a ou dos que ostenten o Título de Concelleiro/a Honorario/a.

Artigo 11º.—1.—A concesión dos títulos honoríficos poderá facerse por tempo vitalicio ou por período limitado o que corresponda a Corporación.

2.—Acordada a concesión dos títulos e para a entrega do diploma se acompañará unha medalla idéntica as que usan o Alcalde/esa o os Concelleiros/as, segundo o caso.

Artigo 12º.—1.—As persoas a quen se conceden estes títulos non terán ningunha facultade para intervir no goberno nin na administración municipal, se ben o Alcalde/esa poderá encomendarlles fun-

cións representativas cando teñen que exercerse fora do termo municipal.

2.—Nos demais actos solemnes que celebre o Concello estas persoas gozarán dos dereitos descritos no artigo 8, ostentando a medalla acreditativa de honra recibido.

TÍTULO IV

DA MEDALLA DO CONCELLO

Artigo 13º.—1.—A medalla Concello e unha recompensa municipal, creada para premiar o recoñecer méritos extraordinarios que concorran nas persoas, entidades o corporacións, tanto nacionais como estranxeiras, por ter prestado servicios ou dispensado honores o beneficios culturais ou sociais a Tui.

2.—Medalla terá o carácter de condecoración ou distinción municipal no seu grao máis elevado de Medalla de Honra, e nas súas tres categorías de Medalla de ouro, prata e bronce.

3.—Non poderán outorgarse máis de unha medalla de honra cada catro anos e o número total das concedidas no excederá de cinco, mentres vivan as personalidades ou entidades que as reciban. A concesión da Medalla de Ouro quedará limitada por un ano —entendendo unha cerimonia ou acto—. Aínda que na mesma poidan outorgarse varias medallas, mentres se refire a persoas ou entidades distinguidas, nas que concorran os mesmos méritos ou circunstancias, ou formen parte dun grupo definido, parella o matrimonio, sendo un máximo de dez as concedidas mentres vivan as personalidades ou entidades que as reciban. A medalla de prata queda limitada a catro por ano, sendo un máximo de quince as outorgadas mentres vivan as personalidades ou entidades que as reciban. Non se establece limitación algunha para as de Bronce.

Artigo 14º.—1.—A concesión caducará co falecemento do agraciado, deixando libre a posibilidade de conceder outra en cómputo total reflexado no artigo 13.3.

2.—Cando a concesión da medalla de ouro, prata ou bronce, se faga en favor dos funcionarios/as e empregados/as municipais, serán de aplicación, ademais das normas establecidas neste Regulamento, as contidas na lexislación vixente sobre os funcionarios/as e empregados de Administración Local. As distincións municipais non impedirán, en ningún caso, que os aludidos traballadores/as municipais poidan ser distinguidos conforme o establecido nas disposicións polas que se rexen.

Artigo 15º.—As medallas outorgadas entregaranse nun solemne acto oficial, na forma que o Concello dispoña, acompañadas dos correspondentes diplomas e distintivos de solapa ou insignia. O acto desenrolarase, preferiblemente, en Tui, e coa presenza da personalidade ou representante da entidade distinguida coa distinción.

Artigo 16º.—1.—O Título de Cronista Oficial do Concello de Tui, reconece o labor histórico, periódico, literario ou de investigación, en favor de Tui, realizadas por persoas vinculadas coa Institución municipal ou co propio municipio.

2.—O nomeamento de Cronista Oficial do Concello de Tui será acordado pola maioría absoluta do Concello a proposta da Alcaldía-Presidencia, previo expediente instruído ó efecto pola concellería de Cultura, no que deberá acreditarse a vinculación permanente de dita persoa con Tui e os traballos de investigación documental sobre aspectos históricos, culturais e sociais do Concello de Tui, que desenvolvera. Este nomeamento non leva implícita remuneración económica algunha e, en ningún momento, o Cronista poderá ostentar, pro esta condición, a de funcionario/a.

3.—O nomeamento acreditarase cun pergamino artístico, que será entregado polo Ilmo/a. Sr./A. Alcalde/esa no transcurso dunha Sesión Plenaria Extraordinaria convocada ó efecto, na que posibilitará a intervención do novo Cronista Oficial do Concello de Tui.

Artigo 17º.—A concesión de título de Visitante Ilustre será outorgada por Decreto da Alcaldía, do que se dará conta na seguinte Sesión de Pleno.

Artigo 18º.—O título estenderase en pergamino artístico, o cal se entregará no transcurso dun acto oficial.

TÍTULO VI

DEDICACIÓN DE RÚAS, EDIFICIOS PÚBLICOS E MONUMENTOS.

Artigo 19.—A proposta de persoas físicas, xurídicas, concelleiros ou grupos políticos poderase instruír expediente para poñerla denominación oficial a calquera rúa ou propiedade municipal, así como o cambio da existente anteriormente.

O expediente ordenarase instruír polo Alcalde que designará instructor do mesmo a un concelleiro e nel se incluírán os méritos que recaíran na persoa ou entidade xurídica proposta e que lle fixeran acreedora do mérito. O expediente rematará coa proposta do instructor e someterase a unha comisión designada ó efecto polo Alcalde con participación de tódolos grupos municipais existentes no Concello para que esta decida sobre o mesmo.

Finalmente e se a comisión dictaminase en sentido favorable o Pleno da Corporación por maioría simple adoptará o acordo que proceda.

TÍTULO VII

SINATURA NOS LIBROS DE HONRA E MENCIÓN ESPECIAL HONORÍFICA

Artigo 20º.—1.—No Concello de Tui existirá un Libro de Ouro, que deberá ser debidamente foliado, no que plasmarán a súa sinatura aquelas personali-

dade que visiten o Concello ou a Casa Consistorial, así como as que recibiran algunha distinción honorífica municipal.

2.—Poderán establecerse outros libros de sinaturas, en edificios e dependencias municipais non ubicadas na Casa Consistorial, previo informe razoado da Concellería de Cultura e ó coidado da mesma, nos que se recollerán as sinaturas de personalidades que visiten os aludidos centros.

Artigo 21.—1.—O Excmo. Concello de Tui, a proposta do Ilmo./a Sr./a Alcalde/esa, poderá conceder Mención Honorífica Especial, a aqueles veciños/as que, polas súas cualidades, merecementos ou aptitudes, relacionadas co acontecer diario do Concello de Tui ou con especiais circunstancias da súa propia vida, se fagan acreedoras da mesma.

2.—A Mención farase pública en Sesión Plenaria, no momento da súa apertura, con exposición de motivos polo propio Alcalde, aparecendo na acta da Sesión e dándose traslado da mesma ó interesado/a ou ós seus familiares directos.

Artigo 22.—A concesión de placas, diplomas, inscricións e outro tipo de agasallos institucionais, con carácter honorífico, de recoñecemento ou de agradecemento, correrá a cargo do Ilmo/a Sr./a. Alcalde/esa, a proposta dos Tenentes de Alcalde ou Concelleiros Delegados e co recoñecemento da Concellería de Cultura, que se encargarán da confección, elaboración, deseño e procedemento de entrega dos aludidos obxectos.

TÍTULO VIII

DO PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DAS DISTINCIÓNS HONORÍFICAS

Artigo 23º.—1.—A concesión das distincións honoríficas (Títulos de Fillo/a Predilecto/a e Adoptivo/a, Membros honorarios da Corporación e Medallas do Concello de Tui), requirirá instrucción previa do oportuno expediente que sirva para determinar os méritos e circunstancias que aconsellan dita concesión.

2.—Cando se trate de conceder honras a personalidades ou entidades estranxeiras e esixencias de tempo así o aconsellen, o expediente poderá ser substituído por un escrito razoado do Ilmo/a. Sr./a. Alcalde/esa, dirixido ó Pleno da Corporación, que facultará ó propio Alcalde/esa para conferirla distinción ou distincións que xulgue adecuadas, dando conta na primeira sesión plenaria que se celebre.

3.—A iniciación do procedemento farase por decreto do Alcalde/esa Presidente/a, ben por propia iniciativa ou a requirimento dunha terceira parte dos membros que integran a Corporación ou con motivo dunha petición razoada e xustificada dun organismo oficial ou dunha entidade ou asociación de recoñecida solvencia. Cando a proposta se refira a un/ha funcionario/a ou traballador/a municipal, estarase ó disposto no número 2 do artigo 14º.

4.—No decreto da Alcaldía designarase, de entre os/as concelleiros/as, un instructor que se ocupará da tramitación do expediente, e un secretario, que formalizará o propio expediente.

Artigo 24º.—1.—O instructor practicará cantas dilixencias estime oportunas, a fin de acreditar os méritos do proposto/a, analizando, investigando e recabando a información necesaria, solicitando informes e recibindo declaracións, aportacións ou adhesións, de cantas persoas ou entidades poidan subministrar datos, antecedentes ou referencias.

2.—O expediente instruído incluírá unha serie de datos, a saber:

- Exposición de motivos.
- Notas biográficas da persoa proposta ou breve reseña histórica da entidade proposta.
- Curriculum e accións meritorias ou reseñas.
- Aportacións e/ou adhesión, no seu caso, doutras entidades e asociacións á proposta.

3.—Rematada a práctica destas dilixencias, o instructor formulará proposta motivada, que levará á Comisión de Honras e Distincións, para que esta, co seu dictame, a remite ó Concello en Pleno.

4.—Se o Pleno da Corporación acorda a concesión por maioría absoluta, comunicarase inmediatamente ó interesado, certificando o feito por parte do Secretario Xeral do Concello, segundo modelo de acordo adxunto (anexo I).

Artigo 25º.—1.—Un extracto dos acordos da Corporación outorgando calquera das distincións honoríficas citadas deberá inscribirse nun libro –registro, que estará a cargo do Secretario/a Xeral e ó coitado da Concellería de Cultura do Concello. O libro –registro- estará dividido en tantas seccións como distincións honoríficas regule este Regulamento.

2.—En cada unha das seccións inscribíranse por orde cronolóxica de concesión, os nomes e circunstancias persoais de cada un dos/as favorecidos/as, a relación de méritos que motivaron a concesión, a data desta e, no seu caso, a do falecemento de quen tivera recibido a distinción.

3.—O Concello poderá privar das distincións que son obxecto deste Regulamento, coa conseguinte cancelación do asento no libro –registro-, a quen incorran en faltas que aconsellen esta medida extrema. O acordo da Corporación en que se adopte esta medida irá precedido da proposta e informe reservado da Alcaldía e requirirá o mesmo número de votos que foi necesario para outorga-la distinción de que se trate.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Artigo 26º.—Cantas personalidades ou entidades corporativas se encontren en posesión dalgunhas das distincións que son materia deste Regulamento,

continuarán no disfrute das mesmas, cos dereitos, honras e prerrogativas que implican, recoñecidos polos regulamentos respectivos ou por acordos municipais dictados por anteriores Corporacións Municipais, mentres non incorran nos supostos recollidos no artigo 27.3.

Artigo 27º.—Os modelos de símbolos, obsequios, distincións e condecoracións, regulados e expresados no presente Regulamento de Honras e Distincións e no Regulamento de Protocolo e Ceremonial do Excmo. Concello de Tui, serán aprobados polo Pleno da Corporación por maioría absoluta dos membros da mesma, previo informe razoado e detallado da Concellería ou a Xefatura de Protocolo do Excmo. Concello.

Artigo 28º.—O presente Regulamento deroga o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Tui aprobado polo Pleno de data 28-04-1961, sendo a última modificación aprobada polo Pleno do 29-12-1997.

DISPOSICIÓN FINAL

Este Regulamento entrará en vigor unha vez transcorridos 15 días dende a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

ANEXO I

ACORDO CONCEDENDO UNHA DISTINCIÓN

Don/Dona....., Secretario/a Xeral do Concello de Tui,

CERTIFICO:

Que a Corporación Municipal, en Sesión Plenaria (Ordinaria ou extraordinaria), celebrada o día..... de..... de....., acordou por unanimidade (ou por maioría):

1.—Conceder a Don/Dona..... (ou a entidade) o Título Honorífico de (ou a Medalla do Excmo. Concello de Tui, na súa categoría de.....) polos relevantes méritos contraídos e servicios prestados ó municipio, recollidos no artigo..... do Regulamento de Honras e Distincións desta Corporación Municipal.

2.—Encarga-la confección do correspondente pergamino artístico (e da medalla, ou insignias, ou placas...) que lle será imposta ó agraciado na data que determine o Ilmo/a Sr./Sra. Alcalde/esa.

3.—Autorizar ó Ilmo./a Sr./Sra. Alcalde/esa para que dispoña o conveniente, a fin de dar cumprimento ós anteriores acordos, organizando a tal efecto, o acto público e a solemne cerimonia de entrega da distinción, prevista no citado Regulamento.

E para así conste.....

Tui, 4 de xullo de 2006.—O Alcalde, ilexible.